



INFORME A LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO
DO ANO 2018 DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

REF: INT/2019/000064

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- RDL 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
- RD 500/90 de 20 de abril, que desenvolve a Lei 39/1988.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostenibilidade da Admin. Local.
- Orde HAP/1781/2013, Instrución Modelo Normal da Contabilidade Local.
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Orde HAP 2105/2012 pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012.
- RD 1463/2007, Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, Estrutura dos Presupostos das Entidades Locais
- Bases de execución do orzamento

TRAMITACIÓN

Os Artigos 191 e seguintes do TRLRHL (RDL 2/2004), e 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, establecen que o presuposto de cada exercicio se liquidará, en canto á recadación de dereitos e ó pago de obrigacións, o 31 de decembro do ano natural. As entidades locais deberán confeccionar a Liquidación do Presuposto antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte e a aprobación da mesma corresponde ó Presidente da Corporación, previo informe da Intervención Municipal. Asemade a Liquidación do Presuposto dos Organismos Autónomos, informada pola Intervención correspondente, remitirase á Entidade Local para a súa aprobación. Unha vez aprobada darase conta ó Pleno, na primeira sesión que este celebre.

LIQUIDACIÓN

O estado da Liquidación figura dentro do conxunto de Contas e Estados que conforman a Conta Xeral, e que se deben formar ao termino de cada exercicio económico. A Liquidación non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado da xestión económica, limitada estritamente ao presuposto e a un exercicio económico determinado.

Segundo a Instrución de contabilidade para a administración local o Estado da Liquidación do Presuposto se estrutura en tres partes:

- Liquidación do Presuposto de Gastos
- Liquidación do Presuposto de Ingresos
- Resultado Presupostario

O artigo 93 do RD 500/90, establece que a liquidación deberá por de manifesto:

- Presuposto de Gastos: Créditos iniciais, modificacións e créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigación recoñecidas, pagos ordenados e pagos realizados.
- Presuposto de Ingresos: Previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados e dereitos recadados.
- Determinación dos dereitos pendentes de cobro e das obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- Determinación do resultado presupostario do exercicio.
- Determinación dos remanentes de crédito.

O Presuposto do exercicio 2018 da Fundación de deportes ascende a 1.146.895,00 €, tanto en gastos como en ingresos. Realizáronse o longo do exercicio as seguintes modificacións de crédito:

Transferencias positivas:	15.707,84 €
Transferencias negativas:	15.707,84 €
Créditos xerados por ingresos:	0,00 €
Incorporación de Remanentes:	0,00 €

Elaborada a Liquidación do Presuposto do O.O.A.A Fundación Publica de Servicios Deportivos Municipais segundo a lexislación de referencia, cabe sinalar o seguinte:

- 1- Obrigas recoñecidas netas: 1.068.072,52 €
- 2- Dereitos recoñecidos netos: 1.089.857,17 €
- 3- Dereitos pendentes de cobro a 31-12-2018: 37.452,78 €
- 4- Obrigas pendentes de pago a 31-12-2018: 34.509,76 €
- 5- Dereitos pendentes de cobro de presupostos cerrados a 31-12-2018: 21.470,17 €
- 6- Obrigas pendentes de pago de presupostos cerrados a 31-12-2018: 2.526.14 €
- 7- Remanentes de crédito: 78.822,48 €
- 8- Resultado Presupostario : 21.784,65 €.
- 9- Remanente de Tesourería: 230.015,08 €.

GRADO DE EXECUCIÓN

O grado de execución do presuposto e o que a seguir se indica:

GASTOS			
CAPÍTULO	CRED. DEFIN.	OR	PORCENTAXE
I	494.500,00	506.098,51	102,35%
II	502.345,00	413.668,88	82,35%
III	50,00	0,00	0,00%
IV	120.000,00	115.043,86	95,87%
VI	30.000,00	33.261,27	110,87%
TOTAL	1.146.895,00	1.068.072,52	93,13%
INGRESOS			
CAPÍTULO	CRED. DEFIN.	DR	PORCENTAXE
III	62.010,00	63.596,48	102,56%
IV	1.073.000,00	997.029,35	92,92%
V	11.885,00	13.205,25	111,11%
VIII			
TOTAL	1.146.895,00	1.073.831,08	93,63%

Destes datos dedúcese un alto grado de execución tanto en gastos como en ingresos, aínda que inferior ao exercicio anterior.

RESULTADO PRESUPOSTARIO

O Resultado Presupostario ascende a 21.784,65 € e ven determinado pola diferenza entre os dereitos presupostarios liquidados durante o exercicio e as obrigas recoñecidas durante o mesmo período, representa unha magnitude da relación global de gastos e ingresos, de maneira que poderemos analizar en que medida estas traducíronse en recursos para financiar a actividade do Organismo Autónomo. A este resultado presupostario, así definido realizaranse os axustes contemplados na lexislación vixente, que neste exercicio non se aplican por non existir modificacións de crédito financiadas con remanente de tesourería e non existen desviacións de financiamento afectado. O Cadro do Resultado Presupostario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	1.089.857,17
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	1.089.857,17
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións non financeiras (Cap. VI e VII)	0,00
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	0,00
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0,00
Total dereitos recoñecidos	1.089.857,17
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	1.068.072,52
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	1.034.811,25
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións non financeiras (Cap. VI e VII)	33.261,27
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	1.068.072,52
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	21.784,65
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	0,00
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	21.784,65

REMANENTE DE TESOURERÍA

Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): 251.485,15 €, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o **remanente de tesourería para gastos xerais** ascende a **230.015,08 €**, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 21.470,07 €, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local, e segundo as bases de execución do orzamento. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

O Remanente de Tesourería representa unha magnitude de carácter presupostario, calculado a data 31 de decembro, que reflexa un recurso para financiar gasto, si é positivo, e un déficit a financiar, si é negativo. O Cadro do Remanente de Tesourería:

1. Fondos líquidos	242.294,40
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	58.922,95
2.a. Do orzamento corrente	37.452,78
2.b De orzamentos pechado	21.470,17
2.c De operacións non orzamentarias	0,00
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	49.732,20
3.a. Do orzamento corrente	34.509,76
3.b. De orzamentos pechados	2.526,14
3.c. De operacións non orzamentarias	12.696,30
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	251.485,15
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	-21.470,07
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAI	230.015,08

Tanto o Resultado Presupostario como o Remanente de Tesourería son positivos, e este último permite incorporar ao exercicio seguinte os remanentes de crédito incorporables para gastos xerais, por non haber remanente de tesourería afectado a gastos con financiación afectada. A Fundación ten neste exercicio remanentes incorporables polo importe de 14.341,07 €, correspondentes a sobrantes de varias adxudicacións, estudarase a posibilidade de incorporación ao exercicio seguinte.

ENDEBEDAMENTO

Non procede realizar análise sobre o endebedamento o non contar este organismo autónomo con este tipo de financiamento.

TESOURERÍA

Realizada a comprobación entre a acta de arqueo contable e os certificados de saldo a 31 de decembro de 2018 das Entidades bancarias, non existen diferenzas entre ambos documentos.

ACREDORES POR OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO PRESUPOSTO.

Non constan nas dependencias da Intervención Delegada operacións pendentes de aplicar ao orzamento ao 31 de decembro.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A Estabilidade Presupostaria regúlase na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, completándose co Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, do regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de Estabilidade Presupostaria na súa aplicación ás Entidades locais.

O artigo 3 da Lei 18/2001 de 12 de decembro, xeral de estabilidade Presupostaria, establece que a execución dos presupostos das entidades locais, realizaranse nun marco de estabilidade presupostaria. Enténdese por estabilidade presupostaria a situación de equilibrio ou superávit, computada en termos de capacidade de financiamento, segundo a definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Do mesmo xeito se pronuncia a LO 2/2012 que no artigo 3 establece:

“1.La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos e ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea.

2. Se entenderá por estabilidad presupuestaria de las Administraciones Públicas la situación de equilibrio o superávit estructural.

3 En relación con los sujetos a los que se refiere el artículo 2.2 de esta Ley se entenderá por estabilidad presupuestaria la posición de equilibrio financiero.”

Podíamos definir este concepto de estabilidade presupostaria como a existencia dun equilibrio en termos de presupostación, execución e liquidación, entre os ingresos e os gastos de natureza non financeira, en termos de contabilidade nacional, de tal xeito que, si os ingresos non financeiros superan os gastos non financeiros, teríamos capacidade de financiación e si o caso fora á inversa, e dicir, os gastos superiores aos ingresos estaríamos ante unha situación de necesidade de financiación, polo que existiría inestabilidade. A Estabilidade é unha magnitude que pretende que se limite o aumento de endebedamento por encima da cantidade que se amortiza anualmente.

Segundo esta definición, consideraranse os Dereitos recoñecidos dos capítulos 1 a 7 de Ingresos, menos as Obrigas Recoñecidas dos capítulos 1 a 7 de gastos, ou visto dende o punto de vista da financiación, capítulos 8 e 9 de gastos menos capítulos 8 e 9 de ingresos.

Para o cálculo da Estabilidade Presupostaria é necesario realizar unha serie de axustes derivados da existencia de diferenzas de imputación entre a contabilidade presupostaria da Administración Pública de que se trate e os criterios de Contabilidade Nacional (SEC95):

Axustes en Gastos:

-Expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito: son gastos de exercicios anteriores e que non se consideran gasto en contabilidade nacional e que ascenden a 192,63 €. Debe axustarse a baixa nos gastos, ou positivamente na capacidade de financiación.

-Acredores por operacións pendentes de aplicación presupostaria: son gastos realizados no exercicio e que non se imputaron presupuestariamente pero que se consideran gasto en contabilidade nacional. Non constan nas dependencias da Fundación de Deportes gastos desta natureza. Debe axustarse á alza nos gastos ou negativamente na capacidade de financiación.

-Non existen axustes en materia de ingresos.

Analise Estabilidade		
GASTOS (Capítulos I a VII)		
CAPÍTULO	CRED. DEFIN.	OR
I	494.500,00	506.098,51
II	502.345,00	413.668,88
III	50,00	0,00
IV	120.000,00	115.043,86
VI	30.000,00	33.261,27
TOTAL	1.146.895,00	1.068.072,52
INGRESOS (Capítulos I a VII)		
CAPÍTULO	CRED. DEFIN.	DR
III	62.010,00	63.596,48
IV	1.073.000,00	997.029,35
V	11.885,00	13.205,25
VIII	0,00	0,00
TOTAL	1.146.895,00	1.073.831,08
INGRESOS-GASTOS		5.758,56
Axustes SEC95		192,63
axustes en gastos	192,63	
axustes en ingresos	0	
capacidade (+) ou necesidade (-) de financiación		5.951,19

Analizada a liquidación, observase que existe capacidade de financiamento, encontrándose este Organismo Autónomo en situación de estabilidade presupostaria. Estes datos deberán analizarse aos efectos da estabilidade no estado consolidado da Liquidación do Concello.

REGRA DE GASTO

Os artigos 12 e 15 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria tamén esixe ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia do crecemento do PIB. O Goberno fixou esta taxa en 2,1%, 2,3% e 2,5% para 2017, 2018 e 2019 respectivamente.

Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do SEC, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administración Pública se as transferencias ás CCAA e ás EELL vinculadas aos sistemas de financiación. O Ministerio de Facenda e AAPP elaborou unha guía practica para a determinación da regra do gasto. Por aplicación desta guía na Fundación de Deportes procede realizar os axustes relativos a gastos aprobados correspondentes a outros exercicios e o gasto financiado con fondos finalistas procedente da Deputación, segundo o seguinte cadro:

ANÁLISE REGRA GASTO		
CONCEPTO	LIQUIDACIÓN EXERCICIO ANTERIOR	LIQUIDACIÓN 2017
SUMA CAPITULOS 1-7 GASTOS	1.069.160,37	1.068.072,52
AXUSTES SEC	-4.059,00	-192,63
(+/-)GASTOS PENDIENTE APLICAR AO ORZAMENTO (413)	-4.059,00	-192,63
EMPLEOS NON FINANCIEROS SEC	1.065.101,37	1.067.879,89
(+/-) GASTO FINANCIADO CON FONDOS FINALISTAS	-6.000,00	-6.000,00
GASTO COMPUTABLE	1.059.101,37	1.061.879,89
EXCESO SOBRE O EXERCICIO ANTERIOR		2.778,52
LIMITE REGRA GASTO 2,3% S/ ANO ANTERIOR		24.359,33
EXCESO SOBRE A REGRA DO GASTO		-21.580,81



A Fundación de Deportes cumpre a regra de gasto, sendo o exceso sobre o límite da regra de gasto de -21.580,81 €. Estes datos deberan analizarse aos efectos da regra de gasto no estado consolidado da Liquidación do Concello para o exercicio 2018.

Vilagarcía de Arousa, 20 de febreiro de 2019.

A INTERVENTORA DELEGADA.

Rosa M^a Otero Piñeiro.

The stamp is circular and contains the following text: "Elcno. Concello de" at the top, the "fd" logo in the center, "INTERVENCION" below the logo, and "VILAGARCÍA DE AROUSA" at the bottom.